

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

Tacóns afastados



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



Co financiamento de:



CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



## “Tacóns afastados”

Imos dar un informal “paseo” pola historia deste... “aparello de tortura”?

Curiosamente, os homes foron os primeiros en usar zapatos con tacóns, moito antes que as mulleres.

Aínda que hai documentación sobre algunha cova da prehistoria, na que atoparon pinturas rupestres con este tipo de calzado (en homes e mulleres), que datan de fai uns 15.000 anos, os/as historiadores/as coinciden en que foi o pobo de Anatolia (na actual Turquía) o que, por vez primeira, engadiu chatolas de ferro ás botas, probablemente para facilitar o agarre ao montar a cabalo (axudaban a fixar o pé no estribo).

Na Idade Media e os séculos de Ouro, sortear os excrementos e o barro das rúas (pavimentadas de terra), fixo popular o uso dos zocos para camiñar polas calzadas por parte das clases adañeiradas.

No Renacemento o seu uso transformou a moda (finais do século XIII, empezando na pintura e a literatura, e con desenvolvemento pleno do século XIV ao XVI, chegando, nalgúns países, ata principios do século XVII).

En España, esta “*extravagancia*” sitúase no século XIV, importada de Venecia e Florencia.

En Francia fixo furor a mediados do século XVII, coa arte barroca, cuxa marcada preferencia polas liñas curvas, estendeu o uso de zapatos de tacón moi alto, co obxectivo estético de marcar os escotes e realzar o busto nas damas, e de realzar o “porte”, e dar “prestancia” á figura dos cabaleiros (á vez que reforzaba a autoestima a aqueles de baixa estatura).

Dise que foi unha moda fomentada polo Rei Sol (Luis XIV, monarca cunha altura sobre o metro sesenta). Pero claro, os nobres, imitábano para adulalo, e “obrigábano” a ir engadindo suplementos (e centímetros) aos seus zapatos....

Cando o tacón chegou ás clases máis baixas, a aristocracia respondeu aumentando dramaticamente a altura dos seus zapatos, co que naceu entón o zapato de taco alto (cuxa altura obrigaba aos cabaleiros a usar bastón para evitar caídas).

E a altura do taco acabou sendo unha forma de marcar o status social. Canto máis alto era o tacón, máis poder posuía, estaba por encima do resto (nas rúas cheas de barro e empedradas da Europa desa época, estes zapatos eran “inútiles”...).

A clase alta, como forma de anunciar o seu privilexiado status, sempre se caracterizou por unha moda non práctica, incómoda e luxosa. No caso do calzado, quedaba claro que non eran de clase traballadora, e non tiñan que

camiñar nin moito, nin lonxe. E a clase alta adoptou unha moda de zapatos unisex.

A finais do XVII empezou a verse un cambio no tipo de tacón en función do sexo: os das mulleres máis altos, finos e curvos, e os dos homes máis baixos, robustos e cadrados.

### Por que deixaron de usar tacos altos os homes?

Estoupa en Europa a Ilustración, movemento intelectual, filosófico e cultural, que, desde Francia, estendeuse a toda Europa ao longo do século XVIII (Século das Luces), que se caracterizou por poñer a énfase na educación e no respecto polo utilitario e racional.

En Inglaterra, a aristocracia empeza a vestir roupa sinxela, vinculada ao traballo. Abandónase o uso de teas ostentosas, cores brillantes e uso de xoias por unha moda de cores homoxéneas, sobrias e escuras. Deixa de funcionar a vestimenta masculina para definir a clase social, e empeza a discusión de que, a través da educación, os homes (si, nesa época só os varóns) poderían destacar e ser “cidadáns de primeira”, independentemente da súa clase.

Os tacos altos pasan a verse como “efeminados” e de “parvos” (precisamente por ser típico exemplo da moda pouco práctica). E, ademais, son realmente incómodos.

En cambio, para as mulleres, unha maior altura e extravagancia convertéronse na regra, nun dos máximos símbolos de elegancia, feminidade e “glamur”, ata o punto de ser, en moitos casos (e profesións femininas) unha obrigación para a vestimenta formal.

Pero, hai que renderse á evidencia, aínda aquelas persoas que “*adoran*” o tacón por consideralo sexy, elegante, glamuroso, “estilizador” de figura en xeral e pernas en particular, e demais “*bondades*” ... recoñecen que non son cómodos para camiñar: lévanse mal co xeo, a neve, as beirarrúas de ladrillos, as rúas empedradas, as reixas, o céspede, a herba, o mármore... e a saúde.

Camiñar con tacóns altos e estreitos, ademais de producir incomodidade, patoloxías e sufrimento, atenta contra a saúde integral das mulleres nun dobro sentido (que se incrementan considerablemente se falamos de *stilletos*):

#### 1. O dano físico.

Comprometen o equilibrio, e, para compensalo, realízanse movementos (de reequilibrio) e mantéñense posturas incorrectas, provocando, de forma frecuente, ademais de caídas, lesións que non son triviais: contracturas musculares nas costas, desgaste articular e/ou artroses de cadeira, xeonllo e nocello, dor na base dos dedos do pé, fascite plantar, espolons calcáneos, unllas encarnadas, varices, lumbalxias, deterioración lumbo-pélvica provocada por este efecto artificial de “estar no bico dos pés”, modificacións cervicais, tendinites

varias, escordaduras, dedos en martelo, callos, ou os tan temidos, antiestéticos, dolorosos e frecuentes xoanetes.

## 2. Redución da calidade de vida.

Camiñar de forma “inestable” diminúe a seguridade, dificulta o movemento na vida cotiá, impide algo tan san como dar unha camiñada para ir e volver do traballo, cargar con pesos, xogar cos fillos/as no parque, dar unha carreiriña se perdes o transporte público, baixar escaleiras, e mesmo prestar axuda a outras persoas que nun momento dado poden necesitar da nosa intervención.

En resumo, que, durante séculos, o tacón foi unha “estupenda” e eficaz ferramenta para controlar ás mulleres a través do seu corpo, (disfrazada de “modelo de beleza e elegancia”) limitándolles a mobilidade.

Porque, señoras e señores, a liberdade de movemento é un aspecto esencial da liberdade, e con eses “armatostes”, é imposible moverse con seguridade se non te apoias nun brazo masculino (porque elas estarían en situación de “desequilibrio”).

Pero o feminismo avanza, e van cambiando as “regras do xogo”.

O crecente apoderamento feminino trouxo, entre outras cousas, importantes críticas contra estes estereotipos da moda.

### **E no ámbito laboral, xa se superou este estereotipo?**

Malia que nos gustaría dicir outra cousa, aínda non.

Mellorou, pero non está superado totalmente.

Para erradicar este costume, é necesario desmontar a crenza xeneralizada (deles e delas) de que unha muller elegante debe calzar *stilletos*).

Estilizan, aumentan altura... pero esnaquizan (e, como xa vimos, non só os pés).

O famoso dito “para presumir hai que sufrir” cheira a naftalina.

Basta de poñer etiquetas, adxudicar uniformidades e fixar patróns estáticos do politicamente correcto.

Consigamos unha sociedade igualitaria, na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades, que elas poidan optar a papeis relevantes en todos os ámbitos da actividade económica e produtiva do noso país.

Como se vistan ou que tipo de calzado utilicen non é o importante, senón que poidan elixir de forma voluntaria, libre e persoal, de acordo coas súas

preferencias, non como unha imposición que as obrigue a adaptarse e cumprir cos “canons” politicamente correctos en cada momento.

Tras a pandemia (ou por mor dela?) o calzado máis común (neles e elas) en alfombras vermellas, escenarios, manifestacións, oficinas, talleres... son as zapatillas de diferentes cores, formas ou marcas. Empezou a xente máis nova, pero está a estenderse... porque a comodidade e a saúde importan a todo o mundo.

Co compromiso e colaboración de todos e todas conseguiremos eliminar (ou illar) as resistencias persistentes e a consecución da igualdade entre mulleres e homes.

En todos os ámbitos.

**Así que, impliquémonos para que os tacos “impostos” pasen a ser  
“tacóns afastados”.**

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade* ↗